



De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o martes, día 23 de xaneiro de 2007, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- * Aprobación da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira.
- * Aprobación da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.
- * Aprobación de comisións de servizo.
- * Aprobación da proposta do plan de desgravacións docentes no POD.
- * Estimación do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Estudos Empresariais D. Ramón González Sanz, na materia Matemáticas (306 011 106).
- * Corrección de erros en documento orzamentario.
- * Modificacións puntuais da RPT do PAS funcionario.
- * Aprobación do acordo adoptado coa Xunta de PAS funcionario o pasado día 21 de decembro de 2006 en materia de produtividade, calidade e mellora dos servizos universitarios.
- * Aprobación da convocatoria de axudas de Extensión Universitaria para o ano 2007.
- * Aprobación do Regulamento disciplinario sobre participación en competicións externas.
- * Aprobación do Regulamento para a seleccións de deportistas e equipos representativos da Universidade de Vigo en competicións universitarias, curso 2006/07.
- * Desestimación do recurso de alzada presentado por D. Horacio Villar Suárez contra o acordo da Xunta Electoral da Facultade de CC da Educación e do Deporte de data 28-11-06.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades galegas para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tenolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación – de colaboración coa Consellería de Educación e as Universidades galegas, para a adaptación ao EEES – Addenda ao convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, o CESGA e as Universidades galegas, para a renovación do convenio de creación do Consorcio de bibliotecas Universitarias de Galicia – Acordo de Colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e as Universidades galegas, para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2006 – de colaboración coas Universidades galegas, a Fundación de los Ferrocarriles Españoles, o Concello de Monforte de Lemos, RENFE-Operadora e AMAFER – Acordo de financiamento dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión – Acordo de colaboración coas Universidade de Alicante, Girona, Oviedo, Illes Balears, La Laguna, Sevilla, Zaragoza, Rovira i Virgili, Santiago de Compostela, A Coruña, Barcelona, Alcalá e Málaga.
- * Foron elixidos os seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - D. Alberto Pena Rodríguez: Comisión de Organización Académica e Profesorado.
 - D. Fermín E. Pérez Losada: Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.

Vigo, 23 de xaneiro de 2007
A Secretaria Xeral

Esther M^a González Pillado